



INFORME DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAN OS ÓRGANOS COMPETENTES E OS
PROCEDIMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE SANCIÓN EN MATERIAS DO MEDIO RURAL

Visto o proxecto de decreto polo que se regulan os órganos competentes e os procedemento para a imposición de sancións en materias do medio rural, en cumprimento do disposto no artigo 43.2) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autónomo de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte

INFORME

1. Finalidade do proxecto de decreto

A Consellería do Medio Rural dispón da potestade sancionadora para instruír e resolver procedementos sancionadores en diversas materias. Entre esas materias se encontran algunhas tan importantes como a sanidade animal, o benestar animal, a sanidade vexetal, os medicamentos veterinarios, a seguridade alimentaria e os viños.

Os procedementos sancionadores en materias de sanidade animal, benestar animal, sanidade vexetal, viños, seguridade alimentaria e medicamentos veterinarios réxense por Lei estatais: a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal; a Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio; a Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal; a Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño e a Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios; a Lei 17/2011, do 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición e Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios de 2015, aprobada por Real Decreto legislativo 1/2015, do 24 de xullo. Nestas leis non se prevé un prazo específico de duración do procedemento sancionador.

Ata o día 01.10.2016 os procedementos sancionadores nas materias citadas estarán suxeitos ao prazo de caducidade supletorio de 6 meses que contempla o artigo 20.6 do



Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Non obstante, este panorama cambia a partir do día 2 de outubro de 2016, dada a incidencia nesta materia da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O día 02.10.2015 publicouse no Boletín Oficial do Estado a referida Lei 39/2015, do 1 de outubro, que regula o procedemento especial sobre potestade sancionadora integrado como unha especialidade do procedemento administrativo común e derroga o Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora. Desta derogación derívanse unha serie de consecuencias:

O Real decreto 1398/1993, do 4 agosto, prevé no seu artigo 20.6 un prazo supletorio máximo para resolver os procedementos sancionadores de 6 meses desde o ditado do acordo de inicio do procedemento, transcorrido o cal sen terse ditado e notificado a resolución o procedemento debe entenderse caducado, sen prexuízo da obriga da Administración de ditar unha resolución expresa.

A Lei 39/2015, do 4 de agosto, non regula un prazo supletorio de duración do procedemento sancionador en defecto de previsión na norma específica que regule o concreto procedemento. Isto determina que, en defecto de tal previsión, o prazo supletorio de duración do procedemento que se debe aplicar é o xenérico de 3 meses que contempla a propia Lei 39/2015, do 4 de agosto, no seu artigo 21.3, prazo este a todas luces insuficiente para permitir a tramitación dun procedemento sancionador con todas as garantías para o administrado que esixe a lei citada. Máxime cando o interesado non poida ser localizado e haxa que facer as notificacións, tanto do acordo de inicio como da proposta de resolución, a través de anuncios no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado, situación esta que se repite con certa frecuencia.

Pero é que ademais, o novo artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, indica que cando os prazos se sinalen por días, se entenderán hábiles (como ata agora), pero que se excluirán do cómputo, non só os domingos e festivos, senón tamén os sábados, polo



que, os prazos de alegacións alongaríanse algo mais mentres que o prazo xeral de tres meses permanecería inalterable.

Polo dito, resulta absolutamente imprescindible prever un prazo supletorio de duración do procedemento a aplicar nas materias propias do medio rural en defecto de regulación específica na norma correspondente.

O cambio normativo que se propón ten como consecuencia que, en todas as materias que afectan ao medio rural nas que a súa lexislación procedimental específica non prevea un prazo concreto de duración do procedemento, como son as enunciadas ao principio deste documento, o prazo de duración do procedemento sexa o que se fixa na norma que se vai a modificar, é dicir, no Decreto 2/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regulan os órganos competentes e o procedemento para a imposición de sancións en materias do medio rural.

Por outra banda, o artigo 6 do Decreto 2/2010, do 8 de xaneiro, regulada tamén os órganos competentes para a imposición de sancións en materia de conservación da natureza. Porén, como consecuencia da estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, contida no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, as competencias nesta materia foron atribuídas á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Como queira que esta nova regulación contida na Lei 39/2015, do 4 de agosto, afecta a outras materias de competencia da antedita consellería, cómpre derrogar este artigo 6 do Decreto 2/2010, do 8 de xaneiro, dado que o Decreto 2/2010 refírese ás materias do medio rural. Non obstante, inclúese unha disposición transitoria co obxecto de que ata que se regula a competencia dos órganos sancionadores en materia de conservación continúe en vigor a prevista no citado artigo 6.

2. Estrutura e contido

Respecto á súa estrutura e contido, o proxecto consta dun único artigo polo que se modifica o Decreto 2/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regulan os órganos competentes e o procedemento para a imposición de sancións en materias do medio rural.



Este artigo único integra:

A modificación do artigo 10 do Decreto 2/2010, do 8 de xaneiro, relativo ao procedemento sancionador. En concreto, refírese ao prazo para resolver e notificar procedementos sancionadores en todas aquelas materias do medio rural que non dispoñan dun prazo específico diferente na normativa específica reguladora do procedemento.

Ademais o proxecto consta de:

- Unha Disposición Transitoria, relativa aos órganos sancionadores en materia de conservación da natureza.
- Unha Disposición derogatoria, relativa á derogación do artigo 6 do Decreto 2/2010, do 8 de xaneiro.

3. Trámites realizados e resultados dos mesmos

A tramitación do proxecto de Decreto polo que se regulan os órganos competentes e os procedementos para a imposición de sancións en materias do medio rural foi realizada conforme ao establecido no Capítulo II do Título II da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A conselleira do Medio Rural ditou o día 01.06.2016 o acordo previo de inicio da tramitación do borrador de anteproxecto.

Así, iniciouse a tramitación do anteproxecto pola Secretaría Xeral Técnica, acompañado da memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade do 14.06.2016; a memoria económico-financieira do 14.06.2016 e o informe do Servizo Técnico-Xurídico do día 14.06.2016.

O día 16.06.2016 a conselleira do Medio Rural eleva ao Consello da Xunta o proxecto de acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de decreto.

O Consello da Xunta na súa reunión do día 23.06.2016 autorizou o inicio da tramitación do anteproxecto de decreto.

O texto do anteproxecto estivo publicado desde o día 23.06.2016 ata o 02.08.2016 na páxina web da Consellería co obxecto de que as persoas individualmente ou por medio de asociacións que as agrupen ou representen, puidesen formular suxestións,



proposicións, ou recomendacións nos termos previstos no artigo 9.1 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Así mesmo o texto do proxecto estivo publicado no Portal de Transparencia e Goberno aberto, dependente da Amtega.

O anteproxecto vai acompañado dunha táboa de vixencias asinada pola secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural.

Logo da petición que efectuou a secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural, emitiron informes os seguintes órganos, consonte dispón a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no seus artigos 42º e 43º:

A Consellería de Facenda emitiu o día 21.06.2016 un informe favorable a través da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

A Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa emitiu o seu informe favorable o día 20.6.2016.

A Secretaría Xeral de Igualdade emitiu o día 21.06.2016 un informe sobre o impacto por razón de xénero. Este informe non motivou a modificación do texto, xa que logo, pese a suxestión que se fai nel, non existe na parte expositiva unha referencia ao administración, como nel se indica.

O día 23.08.2016 a Asesoría Xurídica emitiu o seu informe.

O 15 de setembro de 2016 enviábase o texto do anteproxecto por correo electrónico ás Secretarías Xerais Técnicas das distintas consellerías para que realicen alegacións no prazo de cinco. Transcorrido este prazo ningunha das Secretarías Xerais presentou alegacións ao texto do proxecto, emitindo contestación expresa a Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Facenda, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industrias, a Secretaría Xeral da Presidencia e a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.



Consonte co disposto no artigo 12 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia é preceptiva a emisión do ditame polo Consello Consultivo no caso de Proxectos de regulamentos de execución de leis autonómicas e de desenvolvemento de normas básicas del Estado.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2016



Secretaría xeral técnica

Carmen Bouso Montero